



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AXENCIAS DE VIAJES DE PONTEVEDRA (AVIPO) PARA A CREACIÓN DE NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D^a. M^a del Mar Rodríguez Meseguer, actuando en nome e representación da **Asociación Provincial de Axencias de Viajes de Pontevedra (AVIPO)**, con NIF G36751022, en calidade de presidenta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Que a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (AVIPO), situada en Vigo, foi creada en 1983, inicialmente por un grupo de 7 Axencias de Viaxes que contaban con oficinas centrais na provincia de Pontevedra. Refundada en 1992, AVIPO é membro de CEAIV (Confederación Española de Axencias de Viaxes) desde a súa fundación en 2006, estando así en todo momento en continuo contacto con diferentes asociacións e Federacións de todo o territorio nacional. Na actualidade, conta entre os seus asociados con diferentes axencias de viaxes tanto almacenistas como minoristas, axencias receptoras de Galicia, axencias especializadas en Mice e axencias de viaxes emisoras.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Con respecto á creación de novos produtos turísticos, inclúese o acordo de colaboración para a promoción de destino e o impulso de novos produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021.





Cuarto.- Que no citado contexto, o obxecto do presente convenio pretende reforzar a promoción de Galicia asociada ao Xacobeo 2021, así como a creación de novos produtos que reactiven a actividade turística, a través da **creación de produtos turísticos e a súa promoción e divulgación**. Cada produto levará logo X21 e será visibilizado, promocionado e vendido a través das canles comerciais de cada turoperador no mercado nacional e internacional.

O obxectivo final deste proxecto é a posta en marcha dun plan de promoción turística en Galicia.

Polo exposto a colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, de reactivación do sector turístico tan afectado pola crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 que provocou unha parálise total do citado sector, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas accións obxecto do presente convenio con AVIPO.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AVIPO para a creación de produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021 e a súa promoción e divulgación.

Cada produto levará logo X21 e será visibilizado, promocionado e vendido a través das canles comerciais de cada turoperador no mercado nacional e internacional.

Os produtos turísticos terán carácter innovador e deberán axustarse a algunha das liñas temáticas seguintes:





- A).- Produtos cabeceira de marca de Galicia.
- B).- Produtos destinados á creación de oferta de turismo familiar
- C).- Produtos destinados á creación de oferta para o turismo senior.
- D).- Produtos destinados á xeración dunha oferta distintiva que se acomode ao concepto “que facer en Galicia cando chove”.
- E).- Produtos innovadores e de descubrimento de novos nichos de mercado.
- F).- Creación de rutas turísticas innovadoras
- G).- Produtos construídos baixo a idea da “cultura celta de Galicia”
- H) Produtos baseados na creación de fins de semana, pontes ou outros períodos temporais de carácter temático.
- I) Produtos que se desenvolvan e valoricen turisticamente os cascos históricos de Galicia
- J) Startight
- K) BTT (eurovelo)
- L) Touring

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 111.065,49€ (IVE incluído) que se distribúen tal como se recolle no anexo I, que forma parte do presente convenio.

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 111.065,49€, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, proxecto 2013 0004 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020. En todo caso, as achegas da Axencia Turismo





de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que AVIPO obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da AVIPO, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Terceira.- Compromisos das partes

1. AVIPO comprométese a realizar o obxecto do convenio establecido na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas:

- Xustificar a realización da actividade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, así como o logo do Xacobeo 2021 en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas, coa achega establecida na cláusula segunda, así como na definición en concreto das accións obxecto do convenio.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común para as partes asinantes. As partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre





e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. AVIPO será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A achega da Axencia Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que a AVIPO deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen de conformidade ao establecido na cláusula segunda:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos realizados.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do logo do Xacobeo 2021.





A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o **28 de decembro de 2020**.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo I, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto citado anexo I, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A Comisión concretará as actividades do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a viabilidade das mesmas, dentro da achega máxima a que se obriga a Axencia Turismo de Galicia, coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula segunda.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.





A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.





As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais





As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia





Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2020**.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital

Pola Axencia Turismo de Galicia
O presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Por AVIPO
O presidente

M^a del Mar Rodríguez Meseguer





ANEXO I

CONCEPTO	IMPORTE
- Creación de produto turístico, así como a súa promoción e divulgación a través de canles B2 B únicos e exclusivos de axencias maioristas de viaxes.	52.789,66€
- Realización de campaña online B2 B para dar a coñecer a oferta turística galega:	
Envío de boletíns/ newsletters co produto creado (o destinatario dos devanditos boletíns son as axencias de viaxes (almacenistas, comerciantes polo miúdo, verticais, independentes ou grupos de xestión) de España e Portugal.	15.500,00€
Promoción do produto a través de webs e extranets das almacenistas de viaxes.	15.250,00€
- Realización de campaña online B2 C para dar a coñecer a oferta turística galega.	8.250,00€
	91.789,66€
IVE (21%)	19.275,83€
TOTAL	111.065,49€

